



**TAREFA 3 : "EQUIPO DE COMPOSTEIR@S"**

**MESTRA: JENNY (Titora 4<sup>o</sup> EI)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: Ámbito Natural e social**

**CONTEXTO: Aula de 3 anos (tarefa adaptada para o 2<sup>o</sup> ciclo de EI)**

**CURSO: 2019/2020**

## ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

### 1. IDENTIFICACIÓN

### TAREFA 3 : "EQUIPO DE COMPOSTEIR@S"

<b>ETAPA</b>	EDUCACIÓN INFANTIL	<b>NIVEL</b>	4º, 5º E 6º INFANTIL
<b>ÁREA/S</b>	ENFOQUE GLOBALIZADO	<b>MESTRAS</b>	JENNY

#### DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

REALIZAREMOS COMO **PRODUTO FINAL RELEVANTE UNHA GUÍA BÁSICA CON ORIENTACIÓNS PARA SER UN/UNHA BO/BOA COMPOSTEIR@** (a guía será INTERNIVEL, DENDE INFANTIL ATA PRIMARIA, distribuindo o traballo segundo as capacidades do alumnado). EN INFANTIL APORTAREMOS O AUDIO COAS INDICACIÓNS A SEGUIR. PROMOCIONARASE A GUÍA DE CARA AO CONCELLO DE TUI PARA QUE ADQUIRA A RELAVANCIA SOCIAL DO PRODUTO FINAL (ISTO FARASE CON ALUMNADO DE CADA NIVEL EDUCATIVO FORA DO HORARIO DE ÁMBITOS).

#### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Cada ano traballamos na horta do centro plantando e coidando diferentes especies vexetais na horta do cole e dispoñemos dun composteiro no centro. Trátase de dinamizar o uso de dito composteiro dende as diferentes aulas e dotalas dun cubo destinado a tal fin concienciando ao alumnado dos beneficios desta práctica e da súa utilidade (concepto de **REUTILIZAR**), vinculando así esta tarefa coa anterior que foi dedicada á **RECICLAXE**.

#### CONTEXTO:

Aula de 3 anos (ÁMBITO NATURAL E SOCIAL).

ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b> Levarase a aula unha garrafa transparente con materiais secos de descomposición lenta e materiais húmidos de descomposición rápida válidos para incluír no composteiro.	Mantén unha actitude observadora o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio.	Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.	Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.
<b>2. COÑECEMOS O COMPOSTEIRO DO COLE.</b> Trátase de saber onde está situado e que é o que hai no seu interior.	Mantén unha actitude observadora o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio.	Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza.	Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.
<b>3. LECTURA DO CONTO:</b> ““Aquellos monstruos ancianos que viven bajo la tierra” <a href="http://www.sogama.gal/sites/default/files/Cuento%20Compost_Def.pdf">http://www.sogama.gal/sites/default/files/Cuento%20Compost_Def.pdf</a>	Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.	Participa e colabora nas actividades de grupo.	
<b>4. QUE PODO COMPOSTAR E QUE NON PODO COMPOSTAR?</b> Faremos un xogo con imaxes no que o alumnado clasificará materiais aptos para o composteiro e materiais non aptos.	Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.	Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.	
<b>5. SEMENTEIRO CON COMPOST.</b> Plantación de xudías para comezar cos coidados da nosa horta e conectar coa primeira tarefa do ámbito.	Coñece coidados básicos que requiren as plantas para vivir.	Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza.	Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.

<p><b>6. GRAVACIÓN DOS AUDIOS PARA A GUÍA (PRODUTO FINAL DA TAREFA).</b> Trasladaremos ao alumnado a importancia que ten a guía que estamos creando entre todo o alumnado do centro e que a levaremos ao concello de Tui para que a xente en Tui tamén poida facer o seu propio compost.</p>	<p>Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Participa e colabora nas actividades de grupo.</p>	
<p><b>ACTIVIDADES</b></p>	<p><b>PASO 1</b></p>	<p><b>PASO 2</b></p>	<p><b>PASO 3</b></p>
<p><b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b> Levarase a aula unha garrafa transparente con materiais secos de descomposición lenta e materiais húmidos de descomposición rápida válidos para incluír no composteiro.</p>	<p><b>1.1</b> Observación do contido da garrafa e realización da rutina de pensamento: <b>VEXO, PENSO E PREGÚNTOME.</b></p>		
<p><b>2. COÑECEMOS O COMPOSTEIRO DO COLE.</b> Trátase de saber onde está situado e que é o que hai no seu interior.</p>	<p><b>2.1. CÍRCULO:</b> Que é o que aparece na imaxe? <b>SOPORTE 1 (fotografía composteiro).</b> Para que pensades que serve? Sabedes onde está colocado?</p>	<p><b>2.2. VISITA AO COMPOSTEIRO DO COLE.</b> Sairemos a horta do cole para comprobar onde está colocado o composteiro. Observamos en primeira persoa como é, abrimos a tapa e cheiramos.</p>	<p><b>2.3. EXPERIMENTO.</b> Colleremos unha mostra de compost para analizar na clase. Colocaremos o compost sobre un papel branco enriba dunha mesa e observaremos que contén. Trátase de que o alumnado atope algún organismo vivo. Utilizaremos o observatorio de bichos e o microscopio para facer a investigación.</p>
<p><b>3. LECTURA DO CONTO:</b> ““Aquellos monstruos ancianos que viven bajo la tierra”</p>	<p><b>3.1. ORGANISMOS VIVOS NO COMPOSTEIRO.</b> A partir da lectura do conto contemplarán unha pequena</p>	<p><b>3.2. BENEFICIOS DAS ESPECIES ANIMAIIS PARA O COMPOST.</b> Falaremos dun modo mais concreto</p>	<p><b>3.3. EXPERIMENTACIÓN CON TERRA.</b> Terán que tratar de facer pequenos buratos nun recipiente</p>

<p><a href="http://www.sogama.gal/sites/default/files/Cuento%20Compost_Def.pdf">http://www.sogama.gal/sites/default/files/Cuento%20Compost_Def.pdf</a></p>	<p>exposición de fotografías de especies animais que poden habitar no compost.</p>	<p>dos beneficios da miñoca e o proceso de aireación do compost a partir das súas escavacións.</p>	<p>con terra simulando que son os recorridos que fan as miñocas dentro do composteiro.</p>
<p><b>4. QUE PODO COMPOSTAR E QUE NON PODO COMPOSTAR?</b> Faremos un xogo con imaxes no que o alumnado clasificará materiais aptos para o composteiro e materiais non aptos.</p>	<p><b>4.1. COÑECEMOS MATERIAIS APTOS PARA COMPOSTAR.</b> Observarán diferentes imaxes con materiais de descomposición rápida e materiais de descomposición lenta. Faremos un <b>MAPA MENTAL (SOPORTE 2)</b> coas ideas claves recollidas.</p>	<p><b>4.2. XOGO DE CLASIFICAR (SOPORTE 3).</b> Entre as imaxes anteriores colocaremos nun lado do encerado os materiais aptos e noutro lado os materiais non aptos para botar ao composteiro.</p>	<p><b>4.3. COMPOST NA AULA.</b> Presentaráselle ao alumnado un pequeno cubo que estará situado nas diferentes aulas do centro a partir do comezo desta 3ª tarefa do ámbito. Coñecerán as bolsas biodegradables e faremoslles saber que a partir de agora os residuos das merendas irán a parar a este cubo para aportar residuos ao noso composteiro.</p>
<p><b>5. SEMENTEIRO CON COMPOST.</b> Plantación de xudías para comezar cos coidados da nosa horta e conectar coa primeira tarefa do ámbito.</p>	<p><b>5.1.</b> Conectando coa nosa primeira tarefa do ámbito ("A nosa horta") acudiremos ao composteiro para coller compost e utilízalo na plantación de xudías dentro da aula. Cada alumn@ fará a súa semente nun recipiente individual e terán que levalas para as súas aulas. Cando sirvan para ser plantadas as titoras acudirán á horta do cole para facer o proceso de transplante e comezar a dotar a horta de especies vexetais, tamén comprobarán se o compost é válido para as plantas ou se pola contra non o é.</p>		

<p><b>6. GRAVACIÓN DOS AUDIOS PARA A GUÍA (PRODUTO FINAL DA TAREFA).</b> Trasladaremos ao alumnado a importancia que ten a guía que estamos creando entre todo o alumnado do centro e que a levaremos ao concello de Tui para que a xente en Tui tamén poida facer o seu propio compost.</p>	<p><b>6.1.</b> Coa tablet ou móbil gravaremos as ideas xerais que adquiriron con estas experiencias vinculadas á <b>REUTILIZACIÓN</b> de RESIDUOS. Converteremos os audios en códigos QR que formarán parte da nosa GUÍA.</p>		
--	---	--	--

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<p><b>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</b> Levarase a aula unha garrafa transparente con materiais secos de descomposición lenta e materiais húmidos de descomposición rápida válidos para incluír no composteiro.</p>	<p>AULA 3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Garrafa cos residuos.</p>	<p>MARTES 9:30-9:50</p>
<p><b>2. COÑECEMOS O COMPOSTEIRO DO COLE.</b> Trátase de saber onde está situado e que é o que hai no seu interior.</p>	<p>AULA 3 ANOS E HORTA DO CENTRO</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Fotografía, observatorio de bichos, microscopio, papel continuo branco.</p>	<p>MARTES 9:50-10:15</p>

<p><b>3. LECTURA DO CONTO:</b> “Aquelloos monstruos ancianos que viven baixo la tierra”  <a href="http://www.sogama.gal/sites/default/files/Cuento%20Compost_Def.pdf">http://www.sogama.gal/sites/default/files/Cuento%20Compost_Def.pdf</a></p>	<p>AULA 3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Conto, terra, recipiente ou bandexa, fotografías de especies animais do composteiro</p>	<p>MARTES 11:00-11:15</p>
<p><b>4. QUE PODO COMPOSTAR E QUE NON PODO COMPOSTAR?</b> Faremos un xogo con imaxes no que o alumnado clasificará materiais aptos para o composteiro e materiais non aptos.</p>	<p>AULA 3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Imaxes residuos de descomposición lenta e de descomposición rápida. Soporte para o mapa mental, cubo para botar o compost na aula e bolsas biodegradables.</p>	<p>XOVES 9:30-10:30</p>
<p><b>5. SEMENTEIRO CON COMPOST.</b> Plantación de xudías para comezar cos coidados da nosa horta e conectar coa primeira tarefa do ámbito.</p>	<p>AULA 3 ANOS E HORTA DO CENTRO</p>	<p>PEQUENO GRUPO</p>	<p>Vasos de plástico, compost, xudías, auga.</p>	<p>XOVES 11:00-11:40</p>
<p><b>6. GRAVACIÓN DOS AUDIOS PARA A GUÍA (PRODUTO FINAL DA TAREFA).</b> Trasladaremos ao alumnado a importancia que ten a guía que estamos creando entre todo o alumnado do centro e que a levaremos ao concello de Tui para que a xente en Tui tamén poida facer o seu propio compost.</p>	<p>AULA 3 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Tablet ou móbil.</p>	<p>XOVES 11:40-12:00</p>

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SI	NON
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mantén unha actitude observadora o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa e colabora nas actividades de grupo.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece coidados básicos que requiren as plantas para vivir.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza.</li> </ul>		



## AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación da propia práctica docente. Utilizará o soporte que se mostra no lado dereito da folla.

VALORACIÓN OBRADOIROS INCLUSIVOS 

AVALIACIÓN DA POSTA EN PRÁCTICA...

IDEAS E PROPOSTAS PARA MELLORAR...

DATA DA REALIZACIÓN DOS OBRADOIROS:  
ASINADO:

